


X – MENDIÒ, O DA CONSTRUTORA

Un cheiñas que se enriqueceu facendo chabolos de corenta metros cadrados en terreos recualificados e vendéndoos como se fosen chalés de luxo de catro ferrados.

Un regato. Non era máis que un regato enxoiro, cagoensós! Botou abaixo o negocio unha miseria de regueiro que non levaba nin auga. E agora que? Quen vai poñer solución a este ensarillado? Estamos no ollo de todo o mundo; hannos mirar con lupa até debaixo do refaixo, e aínda imos ter sorte se algún de nós non acaba... mellor nin pensalo.



Vaiche boa coa marusía que nos vén enriba! E todo por que? Que mal fixen eu? Eu son fundamental para o país. Eu e outros coma min. Quen se non crea emprego nesta terra esmorecida? Quen dinamiza a economía neste recuncho, país de Nunca Xamais? Cal é, dime, o sector empresarial que máis contribúe a mellorar o PIB e, xa que logo, o noso nivel de vida? O noso e tamén, non o esquezas, o teu. Entón, se iso é así, a que vén esta teima de meterse cos construtores, de procurar que canguemos coas culpas de todos os males. Sempre hai, ben o sabes, danos colaterais, ou, coa linguaxe da terra: non hai peixe sen espiñas. Pois, a dicir verdade, se as casas son feas a culpa será, digo eu, de quen as quere así, morea de pailáns sen gusto ningún; e terana os arquitectos que as deseñan, que xa me dirás ti para que demos fixeron estudos; ou os políticos, feixe de hipócritas, que dan os permisos, non rexeitan as paparotas, sexan cocidos ou mariscadas, e, por riba, aínda hai que cotizar sen falta a porcentaxe do concello; sen esquecer o imposto revolucionario en concepto de asesoramento que vai dar aos seus petos. Os plans de urbanismo nin mencionalos, que non son, por suposto, asunto noso; se a canle do riacho ese do que todo o mundo fala se fixo máis estreita e ancorada en cemento será cuestión, digo eu, da planificación do concello.

Non sei logo por que vén a conto falar de corrupción urbanística ou de tráfico de influencias. O do mercadeo de permisos sonche andrómenas, escuso dicilo; eu non aparezo de madrugada na casa de ninguén cun maletín e catro sabuxos de ximnasio para lle meter presión, iso son argumentos de

película. Isto é a beiramar da Fisterra e non Chicago nin Sicilia. Aos xornalistas moito lles presta ver pantasma en todas partes e quentarlle a cabeza á xente. Non saben o que han de inventar para vender catro papeis. Escribirán despois da deforestación e do cambio climático coa conciencia tranquila sabendo do que falan; eles, os maiores consumidores de árbores do planeta. Parece mentira que gastemos os cartos en inserir anuncios acotío; dáslles de comer e xa ves como cho pagan. É como alimentar os corvos, en canto te descoidas arríncanche os ollos. Se fose certo a metade do que din xa habería de andar atrás de nós a *fiscalía* de delictos urbanísticos. E non hai tal, que coa fiscalía crúzome no Café ás mañás e sempre me saúda cun Bo día dun xeito ben amábel e natural.

Outro tema son as amizades, pois se por exemplo me levo con Tonecho de Andrucho, o concelleiro de Urbanismo, será asunto meu, digo eu. Non teño por que xustificar con quen tomo os viños ou saio algunha noite de troula. Se son padriño da Vanessa, a súa filla, é porque nos levamos ben, porque hai sintonía entre nós, entendes? Que terá iso de malo! Ademais, é normal, se queres que cho diga, pois de cativo fun con el á escola e agora coincidimos no club de tenis e máis no náutico; e se saímos de pesca xuntos no meu iate xa entenderás que é porque temos intereses comúns: as fanecas, as robalizas... e así.

